



GOBIERNO CIVIL
DE
ORENSE

- 1 -

5/a

Jurado P. de Montes en Mano Común

En sesión celebrada en la fecha que se indica, se adoptó el siguiente



A C U E R D O

En la Ciudad de Orense, a 26 de Octubre de 1977

Visto, en el día de la fecha, por el Jurado Provincial de Montes en Mano Común, con asistencia de los señores que constan en acta, el presente expediente de clasificación de los montes denominados: COTO DE TRELLEMA, en el Municipio de TOÉN

tramitado a instancia de la Administración Forestal, como perteneciente en régimen de comunidad germánica a los vecinos de TRELLEMA

RESULTANDO: Que por los Servicios de Investigación Forestal se confeccionó la carpeta-ficha de los montes objeto de este expediente, conteniendo el croquis "mosaico" de fotografías aéreas, la situación jurídico-administrativa, con un estudio histórico de la evolución de la propiedad colectiva vecinal, estado de los montes en relación al Catálogo, Inventario y Registro de la Propiedad y la posición de la Administración Municipal, situación de hecho, para llegar a la conclusión de que tales montes son claramente definibles como montes vecinales en mano común, porque la posesión vecinal es pacífica y no interrumpida, desde tiempo inmemorial, en concepto de dueños, porque tienen una procedencia foral, porque la propiedad ha permanecido indivisa y los aprovechamientos vienen siendo mancomunados, ligados a la condición de vecinos de sus beneficiarios, sin fijación de cuotas específicas; porque el Ayuntamiento presta aquiescencia a la posible calificación de vecinales en mano común.

RESULTANDO: Que en sesión del Jurado Provincial, de fecha 20 de Junio de 1977 se acordó iniciar expediente para la clasificación de los montes de referencia, designando como instructor a Don José Manuel de la Torre Saavedra quien aceptó el cargo y procedió a su tramitación, librándose mandamiento para la anotación preventiva en el Registro de la Propiedad del Partido; también se acordó oír a todas las personas, organismos y corporaciones interesados, librándose comunicaciones a tal fin, dirigidas al Sr. Alcalde del Término municipal; Presidente de la Junta de Comunidad o Alcalde Pedáneo, Presidente de la Hermandad Sindical de Labradores y Ganaderos, Diputación Provincial y Sr. Ingeniero-Jefe del I. C. O. N. A., publicándose edictos en el Boletín Oficial de la Provincia y en el Tablón de Anuncios del Ayuntamiento.

RESULTANDO: Qué practicadas las referidas actuaciones el ICONA comunicó a este Jurado que dicho monte se halla Catalogado como de utilidad pública y Consorciado con dicho Instituto, habiéndose publicado Edictos en el B.O. de la Provincia y en el tablón de anuncios del Ayuntamiento de Toén, no formulándose ninguna reclamación u oposición a la clasificación propuesta.-

RESULTANDO: Que en la tramitación del presente expediente se han cumplido las formalidades legales, especialmente cuanto dispone la Ley de Montes en Mano Común, de 27 de julio de 1968, y el Reglamento para su aplicación, de 26 de febrero de 1970, así como lo establecido en la Ley de Procedimiento Administrativo, de 17 de julio de 1958.

VISTOS, los preceptos citados y demás disposiciones de general aplicación.

CONSIDERANDO: Que el Jurado Provincial de Montes en Mano Común tiene jurisdicción y competencia para conocer del presente expediente de clasificación de los montes que tengan tal carácter, a tenor de lo dispuesto en el art.º 10 de la Ley citada y el art.º 10 de su reglamento.

CONSIDERANDO: Que la Administración Forestal es parte legítima para solicitar la iniciación del presente expediente de clasificación de los montes como vecinales en régimen de comunidad germánica o mano común, como así lo reconoce el art.º 11 de la citada Ley de Montes en Mano Común.

CONSIDERANDO: Que el tipo de comunidad germánica que instituye la Ley de Montes en Mano Común, inspirada en el reconocimiento que de esta comunidad ha hecho el Tribunal Supremo, entre otras, en las Sentencias de 22 de diciembre de 1926, 28 de diciembre de 1957, 30 de septiembre de 1958 y muy especialmente en la de 2 de febrero de 1965, tiene como características esenciales las siguientes: 1.ª).- Los condóminos están unidos por vínculos personales de vecindad, agrupados en parroquias, aldeas, lugares, caseríos o barrios; no constituidos formalmente en Entidades Municipales. 2.ª).- Que, por tanto, el número de titulares es variable e indeterminado. 3.ª).- Que el patrimonio colectivo sea utilizado y aprovechado por la cualidad de miembro de la agrupación vecinal, faltando la idea de cuota en el sentido jurídico romano. 4.ª).- Que el patrimonio y la participación es inalienable e intransferible y se pierde al perder la cualidad de vecino. 5.ª).- La comunidad es indisoluble, los comuneros no pueden pedir ni ejercitar la "actio communi dividundo".

CONSIDERANDO: que de las actuaciones practicadas se desprende, sin contradicción alguna, que el monte objeto del presente expediente reúne las condiciones y requisitos que, según el Considerando anterior, tipifican la comunidad germánica en mano común.-

EL JURADO PROVINCIAL DE MONTES EN MANO COMUN, a la vista de los antecedentes y fundamentos de derecho expuestos, ACUERDA:

PRIMERO: Clasificar el monte denominado COTO DE TREL-LLERMA, de sesenta hectáreas, en el Municipio de TOEN, tal y como se describe en la Carpeta ficha elaborada por la Administración Forestal, como Monte Vecinal en mano común perteneciente en copropiedad germánica a los vecinos de TREL-LLERMA.-

SEGUNDO: Que se proceda a la exclusión del referido monte de cualquier Inventario, Catálogo o Registro Público en que pudiera figurar inscrito a nombre de cualquier persona o Entidad distinta de la Comunidad Vecinal a la que ahora se asigna su pertenencia.-

TERCERO: Firme esta Resolución y procedase a revisar el Consorcio con ICONA.-

Notifíquese esta resolución al Sr. Alcalde, Presidente o Representante de la Comunidad y Sr. Ingeniero-Jefe del I. C. O. N. A., a los que se les hará saber que contra esta resolución pueden interponer el recurso contencioso-administrativo, ante la Sala correspondiente de la Audiencia Territorial de La Coruña, en el plazo de DOS MESES, previo el de reposición ante este Jurado Provincial, en el plazo de UN MES, a partir del día siguiente a su notificación.



[Handwritten signatures and scribbles over the text and stamp area]

Sr.

Prov.ª	Munic.ª	Comunidad Prop.ª	N. monte
OR	82	8.2	1

CLAVE DEL MONTE

• 3.- ESTADO FISICO

Ref.ª Índice	
3.1	<p>SITUACION. ALTITUD. ACCESOS.</p> <p>Estos montes de TRELLEKMA que integran el llamado "COTO DE TRELLEKMA" están formados por dos parcelas independientes separadas entre sí por las fincas particulares próxima al pueblo, una situada en el extremo O. del término vecinal en la margen izquierda del río Puga, formado por laderas que suben al alto de Piñeiral, y otra en el extremo E. formada por laderas que suben desde cerca del pueblo a los altos de Teixugueira y Penedo do Vento.</p> <p>El terreno es bastante accidentado y con pendientes relativamente fuertes, con altitudes comprendidas entre los 360 y 526 m.</p> <p>Tienen acceso por pistas forestales enlazadas con las del sistema del Coto de Castro y Bacarizas.</p>
3.2	<p>SUPERFICIE.</p> <p>64 Has., obtenidas mediante planimetrado sobre 1/25.000.</p>
3.3	<p>LINDEROS.</p> <p>Los del término vecinal son:</p> <p>N.- Términos y montes de la parroquia de Toán. E.- Términos y montes de Morgira y Trelle. S.- Monte "Acebedo" de Moreiras y Trelle.</p>

Prov.ª	Munic.ª	Comunidad Prop.ª	N.º monte
OR	82	8.2	1

Ref.ª Índice

CLAVE DEL MONTE

•••
3.3

O.- Monte "Val do Dorno" de la parroquia de Toén.

3.4

DESCRIPCION DEL PERIMETRO.

El perímetro del "COTO DE TRELLEMA", comprendiendo las parcelas que integran el monte, las fincas particulares y el mismo pueblo, puede describirse empezando por el extremo O. en Piñeiral, donde concurre con montes de Moreiras y Trelle, monte de Gestosa, y monte "Val do Dorno" de la parroquia de Toén.

Por el O. divide con este monte de la parroquia de Toén desde Piñeiral bajando por el N.E. según una loma por Val do Dorno a cruzar el río de Puga por Gomelle.

Por el N. divide con términos y montes de la parroquia de Toén subiendo por Vecelar hasta Penedo do Vento.

Por el E. divide con términos y montes de Moreiras y Trelle, desde Penedo do Vento siguiendo hacia el S.O. una loma por Teixugueira bajando a Batemaos.

Por el S. divide con monte de Moreiras y Trelle desde Batemaos subiendo hacia el O. según una loma hasta Piñeiral, donde se comenzó.

3.5

OBSERVACION SOBRE LIMITE CON FINCAS PARTICULARES

El límite de este "COTO DE TRELLEMA" con fincas particulares no puede ser muy preciso si se tiene en cuenta que éstas han invadido terrenos de monte que han sido parceladas. Se ha llegado con los límites de éste hasta donde existe seguridad o duda razonable de que pueda pertenecer al monte de referencia.

Prov.*	Munic.*	Comunidad Prop.*	N° monte
OR	02	8.2	1

Ref. Índice

CLAVE DEL MONTE

•••
3.5

En caso de que este monte "COTO DE TUELLEMA" llegara a ser calificaco como vecinal en mano común, tal vez fuera necesario un deslinde parcial en tal colindancia con particulares, siguiendo los criterios tenidos en cuenta en tal calificación.



Iván Rodríguez Jiménez, secretario do Xurado Provincial de clasificación de montes veciñais en man común de Ourense

CERTIFICO:

Que na sesión do **14 de maio de 2024** o Xurado adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

XII.- Solicitud de deslinde entre o MVMC "Coto de Trellerma", pertencente á CMMVVMC de Trellerma, e o MVMC "Acevedo, Porriño, Conchada, Bidueiros e Feal", pertencente á CMMVVMC de Moreiras e Trelle, no concello de Toén .

O informe do Servizo de Montes da Xefatura Territorial de Ourense de data 3 de xullo de 2023 considera que a solicitude se axusta ao establecido no artigo 53 da Lei 7/2012, de 28 de xuño, de montes de Galicia, polo que propón ao Xurado Provincial a súa aprobación

O Xurado Provincial, de acordo co informe do servizo de Montes, aprobou a solicitude de deslinde.

Vº. e prace

O Presidente do Xurado

José Antonio Armada Pérez



VI. ANUNCIOS**A) ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA****CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL**

ANUNCIO do 29 de maio de 2024, do Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Ourense, polo que se publica a Resolución do 28 de maio de 2024 relativa á solicitude de deslindamento formulada polos representantes dos montes veciñais en man común Coto de Trellerma e mais o de Acevedo, Porriño, Conchada, Bidueiros e Feal, no concello de Toén.

Unha vez examinada a solicitude de deslinde formulada polos representantes do monte veciñal en man común (MVMC) Coto de Trellerma, pertencente á Comunidade de Montes Veciñais en Man Común (CMVMC) de Trellerma, e mais do de Acevedo, Porriño, Conchada, Bidueiros e Feal, pertencente á CMVMC da Parroquia de Moreiras e Trelle, no concello de Toén, resultan os seguintes:

Feitos:

Primeiro. O 13.6.2023 a CMVMC de Trellerma presentou un escrito (Rexel 2023/1749093) en que solicitan a aprobación dun deslindamento coa CMVMC de Moreiras e Trelle.

Coa solicitude achegouse a seguinte documentación:

- Acta de deslindamento.
- Certificacións de aprobación das respectivas asembleas xerais.
- Planos do deslindamento.
- Acta de conciliación levantada no Xulgado de Paz de Toén.

Segundo. O informe do Servizo de Montes da Xefatura Territorial de Ourense do 3 de xullo de 2023 fai constar que a documentación achegada corresponde ao deslindamento parcial do perímetro estremeiro entre o MVMC Coto de Trellerma, pertencente á CMVMC de Trellerma, e mais o predio ou monte Conchada, do MVMC Acevedo, Porriño, Conchada, Bidueiros e Feal, pertencente á CMVMC de Moreiras e Trelle, desde o vértice 1 (o situado máis ao N) ata a intersección, coa estrada provincial OU-0518 Moreiras-Trellerma, da recta que une o anterior co vértice 2 (o situado máis ao S).



Logo de analizar os vértices e a súa localización obsérvase que:

- O punto inicial da liña (vértice 1, Penedo do Vento) coincide co punto inicial da liña de deslindamento parroquia de Toén-Trellerma (vértice 1); esta última recoñece e valida implícitamente a confluencia das tres citadas comunidades (Trellerma-Moreiras e Trelle-Toén) no punto en cuestión.

- O punto final do deslindamento, determinado xenericamente (segundo a acta da avinza) pola intersección indicada anteriormente, situaríase no punto de coordenadas X: 586.585, Y: 4.682.779.

Consideracións legais e técnicas:

Primeiro. A presente resolución dítase ao abeiro do artigo 53 do Regulamento para a execución da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común, aprobado polo Decreto 260/1992, do 4 de setembro, e de conformidade co disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Segundo. O artigo 53 da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, recolle o procedemento que se deberá seguir no deslindamento entre montes veciñais en man común e establece que o xurado provincial de montes veciñais en man común, logo do exame da documentación presentada, ditará a resolución correspondente, que será publicada no *Diario Oficial de Galicia* e notificada ás comunidades interesadas.

De acordo cos feitos e fundamentos de dereito expostos, e tendo en conta o informe favorable do Servizo de Montes do día 3 de xullo de 2023, o Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común acordou por unanimidade o día 14 de maio de 2024:

Aprobar o acto de conciliación acadado polas xuntas reitoras do MVMC Coto de Trellerma, pertencente á CMVMC de Trellerma, e o MVMC Acevedo, Porriño, Conchada, Bidueiros e Feal, pertencente á CMVMC de Moreiras e Trelle, no concello de Toén.

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpor recurso postestativo de reposición ante o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Ourense no prazo dun mes, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Ourense no prazo de dous



meses, contados desde o día seguinte ao desta notificación, de acordo co disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e nos artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Ourense, 29 de maio de 2024

Luis Jorge Álvarez Ferro
Presidente do Xurado Provincial de Clasificación de
Montes Veciñais en Man Común de Ourense

CVE-DOG: oifoo6k1-ho78-3wn7-m676-taszi3ri3uz0








PENEDO
DO
VENTO 1

PENEDO
(TEIXUGUEIRA
2)

1 PENEDO
DO
PIÑEIRAL

<p>O presidente da C.M.M.V.V.M.C. de Moreiras e Trelle Asdo: Roberto Lloves González.</p>		<p>A presidenta da C.M.M.V.V.M.C. de Trellema Asdo: Ana Álvarez Gómez.</p>		<ul style="list-style-type: none">  Puntos acordados entre as CMMVVMC de Moreiras - Trelle e Trellema.  Liña poligonal e puntos acordados entre as CMMVVMC de Moreiras - Trelle e Trellema.  Límite de recinto de parcelas SIGPAC 2020. Ortofoto PNOA 2020. 	<p>PROXECTO DE: Avinza de lindeiros entre os M.M.V.V.M.C. de Trellema e Moreiras- Trelle, no T.M. de Toén. Ourense.</p>	<p>DATA: NOVIEMBRO 2022 ESCALA: 1 : 6.000</p>
<p>O secretario da C.M.M.V.V.M.C. de Moreiras e Trelle Asdo: Óscar López Domínguez.</p>		<p>A secretaria da C.M.M.V.V.M.C. de Trellema Asdo: D. Irma Fernández Alonso</p>			<p>TITULO DO PLANO: Plano de ubicación</p>	<p>FIRMA: PLANO Nº: 2</p>



Iván Rodríguez Jiménez, secretario do Xurado Provincial de clasificación de montes veciñais en man común de Ourense

CERTIFICO:

Que na sesión do **14 de maio de 2024** o Xurado adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

XIV.- Solicitud de deslinde entre o MVMC "Val do Dorno, Montemiau, Costa dos Marcos, Costa do Muíño Novo e Outeiro d'Almorzo", pertencente á CMMVVMC da parroquia de Toén, e o MVMC "Coto de Trellerma", pertencente á CMVMC de Trellerma, no concello de Toén.

O informe do Servizo de Montes da Xefatura Territorial de Ourense de data 3 de xullo de 2023 considera que a solicitude se axusta ao establecido no artigo 53 da Lei 7/2012, de 28 de xuño, de montes de Galicia, polo que propón ao Xurado Provincial a súa aprobación nos tramos comprendidos entre os puntos con pares de coordenadas X: 586.956 - Y: 4.683.347 (vértice 1, Penedo do Vento) e X: 586.493 - Y: 4.683.339; e entre os puntos 585.672 - Y: 4.683.158 e X: 584.663 - Y: 4.682.373 (vértice 5 e último, Penedo do Piñeiral), debendo tramitarse o tramo intermedio a través do procedemento de revisión de esbozo.

O Xurado Provincial, de acordo co informe do servizo de Montes, aprobou a solicitude de deslinde.

Vº. e praxe

O Presidente do Xurado

José Antonio Armada Pérez



VI. ANUNCIOS**A) ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA****CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL**

ANUNCIO do 13 de xuño de 2024, do Xurado Provincial de Clasificación Montes Veciñais en Man Común de Ourense, polo que se publica a Resolución do 11 de xuño de 2024, relativa á solicitude de deslindamento formulada polos representantes dos montes veciñais en man común Val do Dorno, Montemiau, Costa dos Marcos, Costa do Muíño Novo e Outeiro d'Almorzo e o de Coto de Trellerma, no concello de Toén.

Examinada a solicitude de deslindamento formulada polos representantes do monte veciñal en man común (MVMC) Val do Dorno, Montemiau, Costa dos Marcos, Costa do Muíño Novo e Outeiro d'Almorzo, pertencente á Comunidade de Montes Veciñais en Man Común (CMVMC) da parroquia de Toén, e o de Coto de Trellerma, pertencente á CMVMC de Trellerma, no concello de Toén, resultan os seguintes:

Feitos:

Primeiro. O 13.6.2023 a CMVMC da parroquia de Toén presentou un escrito (Rexel 2023/1746719), en que solicitan a aprobación dun deslindamento coa CMVMC de Trellerma.

Coa solicitude achegou a seguinte documentación:

- Acta de de deslindamento.
- Certificacións de aprobación das respectivas asembleas xerais.
- Planos do deslindamento.
- Acta de conciliación levantada no Xulgado de Paz de Toén.

Segundo. O informe do Servizo de Montes da Xefatura Territorial de Ourense, do 3 de xullo de 2023, fai constar que a documentación achegada corresponde ao deslindamento parcial do perímetro estremeiro entre o MVMC Val do Dorno, Montemiau, Costa dos Marcos, Costa do Muíño Novo e Outeiro d'Almorzo, pertencente á CMVMC da parroquia de Toén, e o MVMC Coto de Trellerma, pertencente á CMVMC de Trellerma, desde o vértice 1 (o situado máis ao L) ata o vértice 5 (o situado máis ao O).



Logo de analizar os vértices e a súa localización obsérvase que:

- O punto inicial da liña (vértice 1, Penedo do Vento) coincide co punto inicial da liña de deslindamento Trellerma-Moreiras e Trelle (vértice 1); esta última, recoñece e valida implicitamente a confluencia das tres citadas comunidades (Toén-Trellerma-Moreiras e Trelle) no punto en cuestión.

- O punto final da liña (vértice 5, Penedo do Piñeiral) coincide co punto inicial da liña de deslindamento parroquia de Toén-parroquia de Xestosa (vértice 1) e máis co punto inicial da liña Parroquia de Xestosa-Moreiras e Trelle (vértice 1); estas últimas, recoñecen e validan implicitamente a confluencia das catro citadas comunidades (Toén-Trellerma-Xestosa-Moreiras e Trelle) no punto en cuestión.

- Entre os puntos con pares de coordenadas X: 586.493 – Y: 4.683.339 e X: 585.672 – Y: 4.683.158, situados entre os vértices 1 (Penedo do Vento) e 4 (Marquiño) da conciliación, non hai veciñanza formal entre a parroquia de Toén e Trellerma; no seu lugar, enténdese que no dito tramo acaece unha situación propia do procedemento de revisión de esbozo, neste caso, de carácter parcial do MVMC Val do Dorno, Montemiau, Costa dos Marcos, Costa do Muíño Novo e Outeiro d'Almorzo, que deberá substanciarse nun expediente diferenciado.

- Entre os puntos de coordenadas X: 586.956 – Y: 4.683.347 (vértice 1, Penedo do Vento) e X: 586.493 – Y: 4.683.339, o deslindamento non vén definido pola liña recta que une os vértices, senón que se axusta a infraestruturas de carácter lineal citadas na propia acta do deslindamento, en concreto:

1. Entre os puntos X: 586.956 – Y: 4.683.347 e X: 586.566 – Y: 4.683.281, á marxe ou aresta N do camiño correspondente coa R.C. 32082A07009002, incluíndo un tramo non catastrado del entre os puntos X: 586.956 – Y: 4.683.347 e X: 586.837 – Y: 4.683.341.

2. Entre os puntos X: 586.566 – Y: 4.683.281 e X: 586.493 – Y: 4.683.339, á marxe NE dun camiño non catastrado, pero simplificando a traza dixital proposta pola comunidade coa definición dos seguintes vértices intermedios: X: 586.544 – Y: 4.683.289, X: 586.514 – Y: 4.683.312 e X: 586.513 – Y: 4.683.316.

O citado informe considera que a solicitude se axusta ao establecido no artigo 53 da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, polo que propón ao Xurado Provincial a súa aprobación nos tramos comprendidos entre os puntos con pares de coordenadas X: 586.956 – Y: 4.683.347 (vértice 1, Penedo do Vento) e X: 586.493 – Y: 4.683.339; e



entre os puntos 585.672 – Y: 4.683.158 e X: 584.663 – Y: 4.682.373 (vértice 5 e último, Penedo do Piñeiral), que deberá tramitarse o tramo intermedio a través do procedemento de revisión de esbozo.

Consideracións legais e técnicas:

Primeira. A presente resolución dítase o abeiro do artigo 53 do Regulamento para a execución da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común, aprobado polo Decreto 260/1992, do 4 de setembro, e de conformidade co disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Segunda. O artigo 53 da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, recolle o procedemento que se debe seguir no deslindamento entre montes veciñais en man común e establece que o xurado provincial de montes veciñais en man común, logo do exame da documentación presentada, ditará resolución que será publicada no *Diario Oficial de Galicia* e notificada ás comunidades interesadas.

De acordo cos feitos e fundamentos de dereito expostos, e tendo en conta o informe favorable do Servizo de Montes do día 3 de xullo de 2023, o Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común acordou por unanimidade o día 14 de maio de 2024:


Aprobar o acto de conciliación acadado polas xuntas reitoras dos MVMC Val do Dorno, Montemiau, Costa dos Marcos, Costa do Muíño Novo e Outeiro d'Almorzo, pertencente á CMVMC da parroquia de Toén, e o MVMC Coto de Trellerma, pertencente á CMVMC de Trellerma, no concello de Toén.

Contra esta resolución, que pon fin a vía administrativa, poderase interpoñer recurso potestativo de reposición perante o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Ourense no prazo dun mes, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-administrativo de Ourense, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao desta notificación, de acordo co disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e nos artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Ourense, 13 de xuño de 2024

José Antonio Armada Pérez
Presidente do Xurado Provincial de Clasificación
de Montes Veciñais en Man Común de Ourense








O presidente da C.M.M.V.V.M.C. da parroquia de Toén Asdo: Constantino Lorenzo Sobrado.

A secretaria da C.M.M.V.V.M.C. da parroquia de Toén Asdo: María del Carmen Rodríguez Bande.

A presidenta da C.M.M.V.V.M.C. de Trellerma Asdo: Ana Álvarez Gómez.

A secretaria da C.M.M.V.V.M.C. de Trellerma Asdo: D. Irma Fernández Alonso

Legend:

-  Puntos acordados entre as CMMVVMC da parroquia de Toén e Trellerma.
-  Liña poligonal e puntos acordados entre as CMMVVMC da parroquia de Toén e Trellerma.
-  Límite de recinto de parcelas SIGPAC 2020. Ortofoto PNOA 2020.

PROXECTO DE:
Avinza de lindeiros entre os M.M.V.V.M.C. de Trellerma e da parroquia de Toén, no T.M. de Toén, Ourense.

TITULO DO PLANO:
Plano de ubicación

DATA:
NOVIEMBRO 2022

ESCALA:
1 : 6.000

PLANO Nº:
2

FIRMA:



Iván Rodríguez Jiménez, secretario do Xurado Provincial de clasificación de montes veciñais en man común de Ourense

CERTIFICO:

Que na sesión do **4 de novembro de 2024** o Xurado adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

XI.- Solicitud de revisión de esbozo do MVMC "Coto de Trellerma", pertencente á CMMVVMC de Trellerma, no concello de Toén.

O Servizo de Montes do Departamento Territorial de Ourense emitiu un informe favorable o día 12 de decembro de 2023 en relación coa citada solicitude. No mesmo se indica que o perímetro obxecto de revisión inclúe as partes lindeiras con particulares, se ben, no tramo estremeiro occidental co MVMC Acevedo, Porriño, Conchada, Bidueiros e Feal (CMMVVMC de Moreiras e Trelle), a liña proposta adéntrase lixeiramente dentro do esbozo dixitalizado deste último monte.

O Xurado Provincial, de acordo co informe do servizo de montes, aprobou a solicitude de revisión de esbozo.

Vº. e praxe

O Presidente do Xurado

José Antonio Armada Pérez



VI. ANUNCIOS**A) ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA****CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL**

ANUNCIO do 20 de novembro de 2024, do Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Ourense, polo que se publica a resolución relativa á solicitude de revisión de esbozo formulada polos representantes do monte veciñal en man común Coto de Trellerma, no concello de Toén.

Unha vez examinada a solicitude de revisión de esbozo formulada polos representantes do monte veciñal en man común (MVMC) Coto de Trellerma, pertencente á Comunidade de Montes Veciñais en Man Común (CMVMC) de Trellerma, no concello de Toén, resultan os seguintes

Feitos:

Primeiro. O 30.9.2022 a CMVMC de Trellerma presentou unha solicitude (Rexel número 2022/2412823) de revisión de esbozo do MVMC Coto de Trellerma, no concello de Toén. Esta solicitude non incluía documentación técnica ningunha referente á proposta en si, senón que foi presentada para os únicos efectos de xustificar administrativamente o remate de traballos correspondente ao expediente de axuda número 21320685/2021, dentro das axudas ao impulso á boa gobernanza das comunidades de montes.

Segundo. Posteriormente, a mesma comunidade presentou unha solicitude complementaria da anterior, Rexel número 2023/2978339 do 30.11.2023, coa que achegaba unha certificación do Acordo do 23.11.2023 polo que se autorizaba a revisión, ademais de arquivos xeográficos en formato vectorial coa proposta.

Terceiro. O Servizo de Montes do Departamento Territorial de Ourense emitiu un informe favorable o día 12 de decembro de 2023 en relación coa citada solicitude. Nel indícase que o perímetro obxecto de revisión inclúe as partes lindeiras con particulares, ben que no tramo estremeiro occidental co MVMC Acevedo, O Porriño, Conchada, Bidueiros e Feal (CMVMC de Moreiras e Trelle) a liña proposta adéntrase lixeiramente dentro do esbozo dixitalizado deste último monte.

A superficie do MVMC Coto de Trellerma, unha vez revisado o esbozo, e tendo en conta os procedementos de deslindamento concorrentes coa parroquia de Toén e mais con Mo-



reiras e Trelle, sería de 53,78 ha fronte ás 60 ha do acordo de clasificación, o que supón unha redución do 10,4 %.

Tendo en conta o anterior, emítese informe favorable sobre a revisión do esbozo do MVMC Coto de Trellerma.

Consideracións legais e técnicas:

Única. A Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, na súa disposición transitoria décimo terceira, establece o procedemento de revisión de esbozos de montes veciñais en man común.

De acordo con ela, os esbozos de montes veciñais integrados nun expediente que, pola súa antigüidade, non reúnan as características de fiabilidade e precisión que exigen as novas técnicas topográficas poderán ser obxecto de revisión axustándose e completándose con aqueles datos e documentos que se consideren necesarios, en particular os requiridos para a súa inmatriculación no Rexistro da Propiedade.

De acordo cos feitos e fundamentos de dereito expostos, e tendo en conta o informe favorable do Servizo de Montes do día 12 de decembro de 2023, o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común acordou por unanimidade o día 4 de novembro de 2024:


Aprobar a proposta de revisión de esbozo do MVMC Coto de Trellerma, pertencente á CMVMC de Trellerma, no concello de Toén.


Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpor recurso potestativo de reposición ante o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Ourense no prazo dun mes, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Ourense no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte ao desta notificación, de acordo co disposto no artigo 12 da citada Lei 13/1989; nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e nos artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Ourense, 20 de novembro de 2024

José Antonio Armada Pérez
Presidente do Xurado Provincial de Clasificación
de Montes Veciñais en Man Común de Ourense






 Poligonal da proposta

XUNTA DE GALICIA | CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
SERVIZO DE MONTES DE OURENSE

Proposta de revisión de esbozo do MVMC "Coto de Trellerma",
no T.M. de Toén



ESCALA:
1:7500
DATA:
Decembro 2023

Sistema de referencia ETRS89
Coordenadas UTM
Fuso 29

BASE CARTOGRÁFICA:
PNOA 2023
+
Catastro